

# CARTAS DE POETA

DE UXÍO NOVONEYRA  
A RAMÓN PIÑEIRO  
(1953-1972)



[TRANSCRICIÓN E NOTAS]

HOMENAXE  
DO  
CONSELLO  
DA CULTURA GALEGA



MMX



# **CARTAS DE POETA**

**DE UXÍO NOVONEYRA  
A RAMÓN PIÑEIRO  
(1953-1972)**



[TRANSCRICIÓN E NOTAS]

Edición ao coidado de:  
LUÍS COCHÓN  
LUÍS ALONSO GIRGADO

Colaboración de:  
ALEXANDRA CILLERO PRIETO  
ÉLIDA ABAL SANTORUM

ISBN

978-84-92923-11-3

DEPÓSITO LEGAL

C 3903-2010

IMPRIME

Grafisant, S.L.

Santiago de Compostela

LIMIAR  
POR  
HENRIQUE MONTEAGUDO

Consello da Cultura Galega








“Maside con Manuel María e contigo era o amigo que eu máis quería.  
Maside e ti os que eu máis admiraba xunto con Fole.  
Os que máis influístedes en min, con Allué”  
(Uxío Novoneyra, 1958)

“No libro *Os eidos* exprésase poeticamente a experiencia máis radical e permanente do espírito galego canto realidade colectiva: a súa integración na vida cósmica”  
(Ramón Piñeiro, no prólogo a *Os eidos*, de agosto de 1955)



No medio e medio da década dos cincuenta, o día da festa de Santa Mariña –isto é, o 14 de xullo– do ano de 1955 viñeron a lume *Os eidos*, de Uxío Novoneyra  Era o primeiro libro dado ao prelo polo seu autor, que viña sendo unha das escasas voces líricas en galego totalmente novas, das poucas que deron en agromar naquela década de ferro da ditadura franquista  Tratábase dun título de estrea tamén porque inauguraba a andaina da Editorial Galaxia (fundada cinco anos antes) polos vieiros da creación poética individual, xa que a *Antífona da cantiga*, coa que se estreara a editorial da man de Ramón Cabanillas, constituía unha recolla de cancións populares, non unha obra de autor  O poemario de Novoneyra aparecía dedicado “a Carlos Maside e Ramón Piñeiro, homes de Compostela na tarde” e viña precedido dun celmoso limiar do segundo dos dedicatarios, baixo o título

“Carta a Novoneyra”, redactado no molde do xénero epistolar, tan do gusto do prologuista, e datado en Láncara en agosto de 1953 ♪

Nese prefacio, Piñeiro, logo de caracterizar a creación verbal do mozo courelao como “poesía da terra e non poesía do tempo”, diserta precisamente sobre “a poesía como voz da Terra” ♪ O prosista filosofante de Láncara le a obra de Novoneyra cos lentes da súa propia especulación sobre a saudade (daquela en pleno proceso de elaboración e grandemente celebrada polos seus coetáneos) e desde a perspectiva da tradición galeguista que pensa a ‘terra’ (ou a ‘paisaxe’, como adoito se di nos ensaios asinados naqueles anos polos pensadores de Galaxia) como o máis sólido alicerce da identidade colectiva de Galicia: “A nosa realidade cultural vén a ser a integración do humano e mailo telúrico... Cando a escura e potente presenza da Terra acade transparencia verbal, o espírito galego terá descuberto a base, o substrato fundamental en que as súas raíces se afincan” ♪ Nese mesmo texto proemial dáse conta dos inicios da amizade entre Piñeiro e Novoneyra, coa chegada deste –un mozo de vinte e dous anos– a Compostela no verán de 1952, e mais das circunstancias en que, nos meses seguintes, se xestara a escrita d’*Os eidos* ♪



## Décadas máis tarde lembraba Novoneyra:

Cumpriamos o servizo militar xunto con Manuel María, no cuartel de san Lázaro, e sempre que podíamos baixabamos, Santiago abaixo, en busca dos patriarcas e os homes, resto do vello galeguismo, cando inda a Ditadura os xuntaba ¶ Era a famosa vella peña do ‘Derby’ e do ‘Café Español’ na rúa do Vilar: Otero Pedrayo, Piñeiro, García Sabell, algún vello republicano como Martul, algún novo catedrático da Universidade como Río Barxa ¶ Tamén Borobó se deixaba caír por alí algunha vez, i entre os máis novos, Ramón Lugrís, o periodista, e Mourullo, o narrador, o máis rapaz con 17 anos... Iste grupo, o da peña do ‘Español’, era o que sostíña a bandeira de Galicia no medio do franquismo, polo ano de 1952 ¶

Coñecendo a íntima e radical devoción de Piñeiro pola creación poética, e tendo en conta a común ascendencia luguesa e montañesa dos dous, non pode estrañar que entre o ensaísta lancarés, daquela nos seus trinta e sete anos pero xa curtido na loita (aínda recente a durísima experiencia da resistencia clandestina e o cárcere), e o mozo courelao con ínfulas de vate se trabase decontado unha estreita amizade ¶ Baril testemuño desta relación son as epístolas que trocaron ¶ Quince das que Ramón Piñeiro dirixiu a Uxío Novoneyra atópanse estampadas no número XV dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, en tanto que no presente volume se ofrecen corenta e cinco que percorreron a dirección inversa ¶ As primeiras corenta e dúas destas están

datadas entre 1953 e 1962 ♡ De feito, a primeira de todas, datada no San Xoán de 1953, foi redactada un pouco antes de que Piñeiro escribise o prólogo d’*Os eidos* ♡ Como sinalan os editores do presente epistolario, moito podemos aprender, nas cartas dos primeiros anos, sobre a historia interna desta obra fundamental, un dos cumes indiscutibles das letras galegas do século xx, e non menos sobre as propias interioridades espirituais do seu autor ♡

Pero esas case catro dúcias de cartas mergúllannos de cheo tamén nos ambientes da resistencia cultural galeguista dos anos 50, particularmente os dos círculos compostelán e lugués, tan estreitamente vencellados entre si naqueles anos, e cos que Novoneyra tiña maior relación ♡ Sobre todo, por razóns obvias, achégannos ao grupo callado arredor de Galaxia ♡ Coma tal, dáse noticia, e nalgún caso rápida impresión ou fugaz comentario, do *Cancioeiro da poesía céltiga* de Pokorny (1951), en tradución ao galego de Piñeiro e Fernández de la Vega, que o poeta do Courel declara “o meu libro máis querido”; do escrito sobre o “Significado Metafísico da Saudade” de Piñeiro (1951); do *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro (1955); do volume IV, subtítuloado ‘Os contemporáneos’, da *Escolma de poesía galega* arranxado por Francisco Fernán-

dez del Riego (1955) –antoloxía que acolle como os dous poetas máis novos precisamente a Manuel María e Uxío Novoneyra–; da colección de relatos *Terra brava* de Ánxel Fole (1955); de *Sombra do aire na herba* de Luís Pimentel (1959) –xustamente admirada polo esixente catador de versos que era o novel poeta–; de Celestino Fernández de la Vega; de Domingo García-Sabell; do xornalista Borobó e o vespertino *La Noche...*

Como é lóxico, as ligazóns máis estreitas de Novoneyra foron as tecidas con Manuel María (pois o poeta chairego, conmílite en Compostela, xa fora compañeiro de Uxío no Instituto de Lugo) e co círculo de Lugo (Fole, Fernández de la Vega, Allué) ¶ O propio Novoneyra confesa a Piñeiro: “Maside con Manuel María e contigo era o amigo que eu máis quería ¶ Maside e ti os que eu máis admiraba, xunto con Fole ¶ Os que máis influíste en min, con Allué” (carta n.º 20, 1958) ¶ O epistolario deixa constancia da dor do poeta courelao polo pasamento, en 1958, do pintor Carlos Maside (“Sen dúbida foi Maside a personalidade galega que máis me impresionou”, proclamaría anos máis tarde) e do altísimo poeta Luís Pimentel ¶

Xa contra os comezos da década dos 60 aparecen citadas, e nalgún caso fuxidamente glosadas, máis

figuras e novas obras: o poeta chairego Xosé María Díaz Castro (*Nimbos*, 1961), o ourensán Antón Tovar (a través de quen coñeceu a Vicente Risco), Aquilino Iglesia Alvariño (*Nenias e Lanza de Soledá*, 1961) –que non esperta o entusiasmo de Uxío– e uns novísimos e prometedores Xosé Luís Franco Grande e Arcadio López Casanova ♪ Cabo destes, a grande revelación, debida ao propio Novoneyra, de María Mariño e a súa primicia *Palabra no tempo*, que viría a lume en 1963 con prólogo de Otero Pedrayo e ilustracións de Raimundo Patiño ♪ Incidentalmente, foi xusto a obra inédita de María Mariño *Verba que comenza* (que aparecería antologada no número 3 da revista *Dorna*, 1982) a que levou a quen redacta estas liñas a coñecer a Novoneyra na súa casa dos ‘tesos cumes do Caurel’ ♪

Nas misivas deses primeiros anos sesenta tamén se ofrecen interesantes informacións sobre a colleita léxica que sería amecida como apéndice no terceiro volume do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez, que Galaxia trouxo a lume en 1961 ♪ Arranxaron ese apéndice Xosé Luís Méndez Ferrín e Bernardino Graña baixo a dirección de Ramón Piñeiro, a partir do material colleitado por eles mesmos e un amplo abano de colaboradores, entre os cales, o propio Novoneyra ♪ As apañadas

por este serían aquelas “ducias de palabras de cerne antigo, afeitas a andar entre as uces e entre as faias, a camiñar por carreiros e carrouzas, e que no teu libro acadan brillo e quentura coma se fosen estrelas vivas”, ás que delicadamente se refire Piñeiro no prólogo d’*Os eidos* †

Xa nunha das últimas cartas do epistolario que presentamos, datada en 1962, Novoneyra dá conta da emerxencia dun ‘antigalaxismo’ que, segundo a súa propia impresión, adoito se tornaba ‘antigaleguismo’ † Comezaban a xermolar as disensións que fenderían o núcleo de resistencia galeguista nucleado arredor de Galaxia ao longo da década dos 50 † Marxismo revolucionario e nacionalismo insurreccional de alento antiimperialista enfeitizaban a unhas mocidades radicalizadas que decidiron rachar con aquel grupo, introducindo unha fenda entre o galeguismo e o nacionalismo destinada a resultar tan fonda canto duradeira, e a ter ominosas consecuencias para o noso país † Pero esa parte da historia non nos aquece arestora, pois non aparece xa reflectida nas páxinas da correspondencia que presentamos †

\* \* \*

Como valioso apéndice ao presente epistolario, ofrécense dous poemas, un deles encargado por

Piñeiro para difundir (e infundir ánimo patriótico) entre a mocidade universitaria que daquela tentaba gañar a pulso, temesiñamente, para o galeguismo ♪ Á luz da posterior evolución dun certo nacionalismo que acabamos de evocar nas liñas anteriores, poderá sorprenden a lectura dun texto tan nacionalista canto anticomunista, intitulado “Ós herois da Hungría”, en referencia ao levantamento popular de 1956, esmagado polos tanques soviéticos ♪ Canto a isto, será do caso lembrar unhas palabras dirixidas polo noso poeta aos sindicalistas da Confederación Xeral dos Traballadores Galegos en 1990, a pouco da derruba do muro de Berlín e da “caída dos réximes comunistas instalados trala derrota nazi polo exército roxo”:

Quedou si, totalmente descartado, descualificado, o recurso á Ditadura do Proletariado pra conseguir a [soñada Revolución Mundial], o recurso ó medo e á forza bruta e a infravaloración do ensoño da Liberdade que, ó ser abandonado, foi recollido como bandeira polo bando capitalista ♪ Sen o ensoño da Liberdade, a soñada Revolución Mundial perdía o brillo e graza prás mocidades e facíase, como se fixo, imposible e inalcanzable a Revolución ♪ De todos xeitos, seña benvido o desmoronamento do Imperio Ruso en Europa ♪

A liberdade constitúe o alento da arte máis verdadeira ♪ A obra de Novoneyra transpira liberdade en cada unha das súas estrofas, en todos

e cada un dos seus versos ♪ A lectura das cartas e dos outros textos ofrecidos neste volume axudará a entender a trama de relacións humanas, a arquitectura de sensibilidade e a matriz de pensamento en que se esteou aquel espírito libre para producir a súa obra, tan fondamente inspirada e empolgante, unha obra que seguirá engaiolando e facendo vibrar intemporalmente o corazón dos seus lectores e lectoras ♪

O Consello da Cultura Galega fólgase en expresar o seu cálido agradecemento ás familias de Uxío Novoneyra e Ramón Piñeiro pola autorización para publicar estes preciosos textos ♪ Á benemérita Fundación Penzol, por facilitarnos o acceso aos mesmos ♪ E aos editores, Luís Cochón e Luís Alonso Girgado, polo seu acaído labor de pescuda e edición ♪ Beizón a todos eles, e beizón a quen se achegue con curiosidade a este moi significativo testemuño da historia literaria e cultural de Galicia ♪

*Henrique Monteagudo*  
Consello da Cultura Galega





## NOTA DE EDICIÓN





Dende 1953 ata 1972, durante vinte anos máis ou menos, recibiu Ramón Piñeiro no seu enderezo compostelán, no cuarto andar da rúa Xelmírez 15, un total de corenta e cinco cartas –se non se perdeu ningunha– do poeta Uxío Novoneyra; escritas en terras do Courel na súa meirande parte, pero tamén en Madrid e en Lugo, antes de virse a vivir no 1983 a Compostela. Este epistolario, inédito ata hoxe, obra en poder da Biblioteca Penzol, en Vigo, e aparece agora grazas á sempre xenerosa colaboración daquela institución e co seu permiso para darse a coñecer.

Na transcripción dos documentos fomos escrupulosos cos orixinais, case sempre manuscritos (“No Caurel hai poucas máquinas de escribir”), respectando xa que logo as características da particular escrita do poeta, que sempre foi por libre, aínda que, nos primeiros tempos da relación, a rúbrica (por máis que isto sexa un ente de razón), o estilo e as solucións morfosintácticas propiciadas por Piñeiro deixarán pegada. Sempre se mantivo a carón da fala courelá, o natural como criterio –por máis que esteamos diante dun idiolecto literario–, e sempre ficou alleo ao rigor da normativa oficial da lingua, se podemos falar así cando nin normativa había. A corrección dalgún erro evidente, o engadido dalgunha coma ou acento que nos pareceron xustificados, en nada impiden falar da fidelidade aos orixinais á que faciamos referencia, por máis que algún desleixo se deixe ver, máis alá da gralla ou errata, ou mesmo solecismos, prevaricacións gramaticais, ortografía incorrecta e outras incurias.

Os primores caligráficos do mozo Novoneyra, que proceden dos cadernos de letra inglesa, con adornos e trazos algo barrocos, fóronse diluíndo en parte para dar paso á escrita máis persoal e madura e sempre nobre; de aí que se

reproduzan graficamente tal como foron escritas, coa súa beleza e apresto.

Como xa temos publicado (Cadernos Ramón Piñeiro XV: *Ramón Piñeiro: Epistolario lugués*, do ano 2010), polas cartas que Piñeiro lle enviou ao poeta (unhas dezaseis ou dezasete) é de notar que Novoneyra, contra a súa galbana –da que nalgún lugar se preza, mesmo en verso–, escribe tres veces máis que o seu interlocutor, con ser tan distintas as cartas en extensión e mesmo en profundidade. As cartas de Novoneyra son cartas de poeta. As de Piñeiro, co seu cuño e xeito, non o son. Non desmerecen as misivas do courelao, máis ben ao contrario, das do seu mentor, que se ten significado abondo na súa escritura epistolar. Compróbese na carta 15 desta nosa edición, tan diamantina.

Polo demais, a situación de illamento no Courel e o sentimento da terra, a recepción de libros e a súa lectura, as visitas de amigos, as viaxes, a creación ou corrección de poemas ou poemarios propios, o ámbito familiar na casa paterna do Courel, a situación anímica do poeta, algúns episodios e circunstancias da actualidade literaria galega coas súas novidades editoriais, a segunda estancia do poeta en Madrid e, sobre todo, algúns pasos textuais referidos a *Os eidos* (1955), e logo ás *Elexías do Caurel*, son cotiáns motivos e asuntos deste ilustrativo material epistolar.

Son moi importantes as achegas que Novoneyra lle vai dando a coñecer a Piñeiro. En bastantes desas cartas veñen as primitivas versións das que aparecerán n'*Os eidos* ou nas *Elexías*, por se algunha vez chegamos a ter edición crítica dalgún dos libros do poeta, da que hoxe carecemos.

*Os eidos* e as *Elexías*, eses eixes principais, tan diferentes, prodúcense no poeta en distinta formulación, pero isócronos.

Algún día veremos a univocidade dos dous libros. Xa no primeiro hai moita elexía, moita interioridade por riba e por baixo da esencialidade. Moita emoción –mesmo silente– no pasar do tempo (territorio do elexíaco), que ten outra fondura que non é a do tempo xeolóxico, case que infinito para os nosos ollos.

Dun extremo ao outro, Novoneyra vai compoñendo os movementos dunha obra única, dun libro *único*, só, no sentido de Mallarmé: libro total.

O noso poeta, xa clásico de nós, vai e vén, vén e vai, mentres aperta o tempo do que se fai dono e señor, por contención e condensación, para reconverter a diacronía en sincronía. Poucos creadores senlleiros poden chegar a iso. Algún día habemos concordar os seus lectores.

*Os eidos* e as *Elexías* xa pasaron o risco da tradución poética, cousa, entre nós, especialmente notoria. O mellor que nos pode pasar é que nos traduzan. Que traduzan eles. Aínda que a *traslatio* non sexa especialmente afortunada. Risco e reto. A versión castelá d'*Os eidos* acaba de aparecer; antes aparecera a tradución ao éuscaro. O libro que máis lle acae coa *personalidade máis fonda de si*. (O noso vello dicionario grego-francés, traduce *eidos*, nominativo de singular. // 2 p. ext. en *poesie, la personne elle-même*, acepción autorizada pola *Electra* de Sófocles, 1177). Claro que nese caso teríamos que dicir *Eidos* (sen *Os*) por ser *eidos* singular. Véxase como o autor está a rente de acertar o significado “que nós postulamos”.


Creo que o concepto Terra é máis primario, máis elemental, máis profundo, menos prescindible; os que viven dela e con ela chámanlle *Terra*, a penas usan o termo *paisaxe*, ou non o usan nunca. Os eidos son os sitios da terra que poden

nomearse nun microtopónimo, que poden identificarse por un nome. Tamén pode dicirse eidos dos lugares íntimos, os máis convividos, dos que se ten longa experiencia, hábito de longa presenza, os que un leva *estampados* dentro. Nalgúa casa, eu diría tamén que eido é aquel sitio onde un pode estar ben porque te acolle, por telo diante. Onde a terra se ordena respecto dun e por eso a *encontramos*.

*Eidos* como territorio interior, fronte ao exterior, do subxectivo ao obxectivo, da lírica á épica. *Eidos* habería que chamar á Poesía completa, de Uxío Novoneyra, xa convertido en poeta nacional de Galicia:

Secuestrado polo ensoño, secuestrado pola patria, cando tamén pola ideoloxía. Feito un nó coa forza tomada do propio pobo. Alimentado e desmentido por el. O escritor ou poeta en lingua ameazada non pode escapar do circo teimoso de fidelidade que a un mesmo tempo o dignifica, o engrandece, o limita e constrinxo. Séntese inescusablemente comprometido, obrigado, bloqueado, secuestrado, esgazado entre a liberdade e o deber igualmente asumidos.

Os editores



Novoneyra en 1962, na sala Biosca de Madrid  
(Foto de Lavandeira)





**TRANSCRICIÓN DAS CARTAS  
DE UXÍO NOVONEYRA A  
RAMON PIÑEIRO**





Día de San Joan, ano 1953

Amigo Piñeiro:

Vein ben ás craras que a túa carta foi feita pra axudar a curarme. I-afé que o lograrse se a carne se deixara cuidar das verbas.

Teño que decir-che que namentras estiven malo no Caurel escribín dez poemas máis pra “Os Eidos” amais dun pequeno “Libro d-amor” que lle darein a Anxel Xohan pra “Coleución Xistral”<sup>1</sup>.

Eiquí os eidos non fain de fin como no outro libro, se non de medio, por onde o amigo se conduce pra amada.//<sup>2</sup>

É un libro “d-amor celta”<sup>3</sup>, onde a amada está chea da siñeficación dos eidos:

*“¡Filla da alta noite  
nas estrelas do cimo,  
e dos vales mais fondos,  
vistos  
dende o bico dos tesos!  
¡Filla das chuvias do Outono  
i-o silencio de lá  
das nevadas do Inverno!*

*¡Filla dos sumios!  
¡Filla dos pozos  
i-os corgos i-os cavorcos!  
¡Filla dos mortos escuros  
de fonda craridá!  
¡Filla de fonda paz  
que da medo!”*

-----  
(sumio = sitio donde algo se pierde absorbido).

<sup>1</sup> **Xistral** foi cabeceira da revista de creación poética promovida en 1949, en Lugo, por Manuel María e Manuel A. Sopena Somoza, co apoio de L. Pimentel e Ánxel Johán. Tirou dous números. Foi, igualmente, cabeceira dunha colección de libros de poesía fundada e dirixida en 1952, tamén en Lugo, polo citado Ánxel Johán; colección aberta ese mesmo ano por Luz Pozo Garza con *O paxaro na boca*.

<sup>2</sup> A partir de aquí o cambio de páxina, no orixinal, vaise marcar coa dobre barra.

<sup>3</sup> V. *Cancioeiro da poesía céltiga* (1952), de Julius Pokorny, na tradución conxunta de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, que o dan como fonte da poesía de Novoneyra.

Así comenza o libro que pra min non chega nin con muito a ser coma “Os Eidos”. Pois os eidos son máis vellos na miña i-alma qu-a amada, i-o mistural-os sínte-se algo así coma unha trifulca de tempos:

Istes días estou no hospital en Lugo. Non sei porqué péchame unha gran tristeza da que non me redime nin a terra nin a amada, nin naide.

Estou soio, amigo

Eugenio Novoneira<sup>4</sup>

Lugo – Hospital Militar. Sala de Medicina –



Lugo 14 do mes de Santiago 1953

¡Bó amigo Ramón Piñeiro!

Escriboche n-iste tempo nubroso que é mesmamente o meu corazón.

Dispois d-aquila tristeza de que che falei na outra carta sobreveume un sentimento de probeza espiritoal.

O Novoneira que escribiu ises libros que eu escribín antóxaseme un home estrano que non quer falar comigo nin axudarme agora que son probe.//

Qué bóa nova isa da publicación d“Os Eidos”! Ti estás facendo muito por min, amigo.

Lin o *Cancioeiro Celta* que me regalou o Celestino. Non cabe duda algua qu-o que co-il fixestes foi algo mais que unha simple traducción<sup>5</sup>.

---

<sup>4</sup> Noutros casos, Novoneyra, e aínda Eugenio.

<sup>5</sup> V. a nota 3.

Dispois de lel-o e ver a gran semellanza co-a miña poesía, creo que temos verdadeiramente algo de celtas.

A xente vai a crer que “Os Eidos” foi un[h]a imitación d-il. Cando o certo é que ó escribir o libro das \**Terras Altas*<sup>6</sup>, eu aínda non lera<sup>7</sup> “O Pokorny”. Por outra parte, estou mui contento d-isa semellanza.

Adiós! Un d-istes días serei convosco en Compostela  
Novoneira



Caurel. Nadal. 1953

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Antes de nada moitas gracias pol-o fermoso regalo que me fixeche. Pois tanto OS VELLO NON DEBEN DE NAMORARSE coma PROEL<sup>8</sup> eran dou[s] libros que eu anceiaba.

O libro de Castelao é moi belido. Eu, é vergonza decil-o, pero afé que non sabía que Castelao fose tan bo. Pensan igoal os labregos do Caurel que m-o fan ler tódol-os días á mor<sup>9</sup> do lume. Góstalles singularmente ás mozas i-ás vellas. Elas fían i-eu leo. Chístame como van pasando, pouco a pouco, da sorrisa pol-a veira do pranto ó escalafrió do medo; eiquí deixan de fiare e ceiban unha excrementación.

---

<sup>6</sup> Era o título anterior do que serían *Os eidos*.

<sup>7</sup> Ao respecto, v. a carta de Celestino F. de la Vega a Ramón Piñeiro en *Ramón Piñeiro: Epistolario lugués*, Santiago, Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia, 2010, pp. 125-127.

<sup>8</sup> De *Proel* non di nada, aínda que, ou por iso, o xuízo de Novoneyra sobre o autor era bastante negativo.

<sup>9</sup> Ao amor do lume.

Eu préstome a lerllel-o de gana porque sei que, logo de acabar, póñense todas a contar contos de pantasma i-aparecidos, cou-//

sa moi difícil de conseguir cando un se a propoñe. Pois pra isto hai que deixar que o anxo do Inverno lles fale dinde o ollo do lume, na outa noite, cando a chama vai esmorecida... Pero pra algo Castelao é quen é pra substituír co-o seu arte o lume i-o Inverno; e máis, cando iles dous andan tamén a pesar no espírito, n-istas noites frías do Nadal.

Agora xa me foi pasando aquila volta que me deu ise tempo d-atrás, cando che escribín, alporizado en dor. Ó cabo deñei que aquilo era saudade. Agora si que sei o que é a saudade... !

Istes días ando a escribir unha peza en teatro galego encol d-isa miña experiencia. Numíase<sup>10</sup>: \*DOR NEGRA<sup>11</sup>. Eu son o protagonista. A mitá d-ela desenrólase á sombra, digo a escuras. Non creo teña pacencia bastante pra chegar a rematal-a.

Felices Pascoas do Nadal pra ti e pra tódol-os amigos composteláns!

Que o Nino sexa contigo

Novoneira

---

<sup>10</sup> Por noméase.

<sup>11</sup> Forma parte da bibliografía fantástica de Novoneyra. Pódese tratar de “A noite é máis que unha pecha escuridade”, traxedia en prosa, segundo lle escribe o autor a Carlos Maside. Ningunha delas veu a lume.

A Ramón Piñeiro  
Caurel 3 de febreiro 1954

Meu querido amigo Ramón Piñeiro: Vai xa pra dez días que no Caurel estamos xebrados do resto do mundo pola meirande nevarada que acordan os nacidos. Con decirche que morren os paxariños e que os carambelos chegan a dous metros queda todo dito. Como podes ver n-iste estado non chegaba nin saía o correo e por iso non puiden escribirche hasta hoxe.

Nevando a copo tendido estaba eu copiando o meu poema: “Berros laios e pregos á ondas de saudade”<sup>12</sup> e n-ise intre recibín o teu novo traballo encol do seu siñeficado metafísico<sup>15</sup>. Entón eu pregunteime se aquilo non sería un medio milagre. I-agora que xa recibín o bautismo de ista nosa dor –pois a miña saudade é doorosa por canto siñefica perda do amor dos eidos, cousa que eu teño e perdo ás tempadas– xa poido opinar de ila pra decir que ise teu novo estudio parezme moi certo, craro e sinxelo a por de andar por ise eido escuro e difícil que ti dis no comenzo.

En canto a min foron tan grandes as ondas de saudade que me viñeron n-iste tempo de atrás que me fixeron anacos tódalas defensas que eu puidera ter. A min, á hora menos pensada venme un sentir que me chega sin saber como nin por qué, coma se unha man soavísima ou un pano de fina seda rozase lixeiro e inordiño o meu corazón, logo sinto soedade, logo//

<sup>12</sup> Seis pequenos poemas, do 1 ao 6, que enviou a Maside no aninovo do 54. Só algún deles asentou n’ *Os eidos*; outros non, como o 6, poema cristolóxico, inusual na poesía do courelao. (V. *Encrucillada*, n.º 168, maio-xuño, 2010).

<sup>15</sup> Alusión a “Significado metafísico da saudade”, breve ensaio de Ramón Piñeiro publicado en 1951 na Colección Grial (no volume titulado “Presencia de Galicia”) de Galaxia e, no mesmo ano, na *Revista Filosófica de Coimbra*.

anguria e logo un desacougo que me leva de noite a rondar o eido mesmo da loucura. Por iso, co-o medo, eu tiven que buscar o amor da pastora fiandeira Germana de Romeor<sup>14</sup> pra que o tempo me correse e non se me amontoase pesándome no corazón e facéndolle mágoa. Pero é imposíbel porque un amor nacido d-ista cousa, aínda sendo correspondido, non é senón dor. Con todo, o amor é o único que pode de iste mal noso da saudade. Eiquí está quizaves a importancia trascendental de iste sentimento e de iso que chaman o eterno femenino.

Recibín tamén a carta limiar<sup>15</sup> de “Os Eidos” e solprendeume o ben que ti coñoces a miña vida i-os meus adrentos. Gostoume moito, como é natural; e un distes días remesareiche o libro tal e como é agora<sup>16</sup>. De ir cada poema n-unha páxina fai un volumen de cento corenta. No cabo vas as ONDAS DE SAUDADE io libro acaba de iste xeito:

“Xa non me valen os eidos. Non me vale cousa  
algúa,  
nista moura soidade que somentes o amor  
aluma”<sup>17</sup>

Namais que che decir.  
Unha forte aperta  
Novoneira

---

<sup>14</sup> Nome de muller, inventado ou real, utilizado aquí como “senal” de amor cortés ou pastoril. Imos entre a ficción e a realidade, se a houbo; máis tarde será Ildara.

<sup>15</sup> Carta-prólogo a *Os eidos*, na primeira edición (1955). Non atopamos o orixinal (V. a introdución ás cartas de Novoneyra no *Epistolario lugués*, Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XV, 2010), que foi refundido.

<sup>16</sup> Outra versión das tantas que tiveron *Os eidos* antes de vir a prelo.

<sup>17</sup> *Os eidos* non remata así, por outra reviravolta do autor.



22 de Febreiro 1954  
A Ramón Piñeiro

Meu querido amigo  
Ramón Piñeiro:

Moitas gracias polos novos libros que me remesache. Pondal<sup>18</sup>, n-unhos cantos poemas é un prodixio de forza i-elegancia.

Ista tempada, ó achego da amiga, non me afinca tanto isa dor da soedade. Non sei porque sinto nostalxa d-ila sendo que en min non era, nin con moito, // unha cousa levadeira, pois dábame xunto a un presentimento da morte sin posíbel supervivenza. Era un sentir isa semente da morte que levamos connosco, cousa terríbel abofé.

Non che escribo máis. Hoxe estou medio parado, non sei se será que me vai dar de novo isa onda

Novoneira

Logo che remesarei “Os Eidos”

---

<sup>18</sup> Podería, en principio, tratarse dos que aparecen na escolma *Poemas: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez*, París, Monte Medulio, 1954. Nesta escolma cada poeta está representado por un total de dez composicións.

❧6❧

Seoane do Caurel  
Abril. 1955

Veño do pazo de miña nai<sup>19</sup>. Un d-istes días escribireiche.  
Unha aperta  
Novoneira

[Nota autógrafa a lapis, entre a correspondencia de Piñeiro. Aproveitou o poeta que saía o correo nese intre, estando el en Seoane. Nin pluma levaba].

❧7❧

Caurel 14 maio 1955

Meu querido amigo  
Ramón Piñeiro:

Escriboche a voo pois están agardando pra levar a carta.

Non me astrevín a mandar as probas directamente a GALAXIA despois de tanta corrección<sup>20</sup>, ó marxe das naturais erratas de imprenta.

Fai porque me manden o libro pra correxilo antes de que sigan imprimindo; se non causaríalles un traballo do demo.

Que fermoso o conto//  
do Cunqueiro! ou mellor dito qué maravilloso<sup>21</sup>!!

<sup>19</sup> En Pacios do Señor, no Cebreiro, de onde veu casar en Parada.

<sup>20</sup> Foron moitos os problemas de Novoneyra cos seus editores, polas correccións de última hora, case que maniáticas.

<sup>21</sup> Podería tratarse moi ben dalgunha das historias recollidas en *Merlín e familia* (1955), texto fundacional da narrativa cunqueirana.

Encanto a nosa fotografía “de vagar por Compostela” ben se ve que non ibamos parolando, senón falando.

Saúdos a Isabel<sup>22</sup>

Unha aperta moi forte

Novoneira

Todos os dibuxos<sup>25</sup> están moi ben. Mais soio dous responden, como digo, á verdade do Caurel: “Os tesos cumes” i-a “Agoa”

Vale

(Remésoche isa nota

pros de GALAXIA)



Caurel. Maio 1955.

A Ramón Piñeiro

Meu querido amigo: Estou tan ledo que case non poido escribirche.

Maio é verdadeiramente no meu corazón. Todo esto quedará nunha cantiga leda para cantar: “A noiva de Maio”<sup>24</sup>.

Recibín a nova remesa de libros. Acertas moi ben encanto ós poetas que eu sempre desexei ler.

Recibiches ti as probas das primeiras páxinas dos Eidos? Remeseichas fai unhos días para que ti as mandaras a GALAXIA. Aínda non recibín o libro pra correxilo antes de que//

sigan imprimindo, pois teño que facer n-il moitas correccións ó marxe das erratas de imprenta. Dilles que mo manden,

---

<sup>22</sup> Isabel López García, de Piñeiro.

<sup>25</sup> Non consta na publicación o nome do ilustrador.

<sup>24</sup> Non saberíamos dicir a cal dos poemas pode facer referencia.

pois teño moito medo de que non saia ó meu gosto. A min interésame que saia ben, non que saia axiña<sup>25</sup>.

Un destes días, cando a ledicia me deixe traballar, copiareiche os seis poemas pra Antoloxía que está facendo Del Riego<sup>26</sup>.

Saúdos garimosos a Isabel.

Que a Primadeira sexa tamén con vós os dous

Novoneira



Caurel, 15 Santiago 1955.

Meu querido amigo

Ramón Piñeiro: O derradeiro día do mes pasado remesei correxido o orixinal da segunda parte d“Os Eidos”. Días despois recibín unha carta túa i outra de GALAXIA pedindo premura. Coido que o orixinal non se perdería i-as cartas foran escritas pouco antes de recibilo. Despois de facer as derradeiras correucións tornei a ilusionarme co libro.

Sairá por fin pro Santiago?<sup>27</sup> Sería unha bonita fecha pra dalo ó público.

Eu quizaves non poida ir ó Santiago. Ista serie de viaxes imprevistos que fixen na primaveira e no vran mataron isa posibilidade.//

Cando Isabel e mais ti vos tomedes as vacacións non esquezais o vir pasar unhos días comigo, no Caurel. Antes avisaiame do día en que vides pra saírvos agardar.

<sup>25</sup> Contra o que é costume, Novoneyra está máis por adiar a publicación.

<sup>26</sup> *Antoloxía da poesía galega. Os contemporáneos (IV)*, Vigo, Galaxia, 1955.

<sup>27</sup> Saíu o día de Santa Mariña, 15 de xullo (*V. Galicia Hoxe* dese día, no ano 2010, cunha nóttula de L. C.).

Ista tempada, ó igoal que en Lugo cando nos atopamos, sigo medio murcho.

A propósito de Lugo: Recibiches as fotos que nos fixemos no Parque con Manuel María?

En racha de preguntas: Cantos exemplares me mandarán de “Os Eidos”? A min facíanme falla unhos vinte<sup>28</sup>.

Lembranzas pra Isabel e pra todos ises bos amigos composteláns.

Unha forte aperta

Novoneira

As cousas pra ANTOLOXÍA remesareichas despois de que saia o libro.

## ❧ 10 ❧

Caurel, vran de Sanmartiño 1955

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Fai, non sei canto tempo que non escribo unha carta. É unha de esas razadas longas de infinida pereza<sup>29</sup> de cando o Caurel me colle no colo adormecéndome pra tódalas cousas que non son de vagar.

Moitas gracias polo *Cancioeiro da Poesía Céltiga* que é o meu libro máis querido. Qué ben saben decir como se sinte os poetas de “Erin e Alba”. Moitos dicen o que sinten, mais non o dicen como se sinte.

---

<sup>28</sup> Que foi todo o que percibiu por dereitos de autor. Non vinte, senón seis. Algún máis lle iría proporcionando Piñeiro.

<sup>29</sup> Vai sendo un lugar común a folganza de Novoneyra coa súa obra de creación. A aparición de tantas prosas, en forma de pregóns, alocucións, presentacións, sempre en forma escrita, sen deixar nada á improvisación. Temos que desterrar esa galbana, máis cando non sabemos aínda o que pode saír do seu arquivo.

Cada vez leo menos. Ultimamente chegaron a gustarme “Os Eidos”. Agora xa non me queda ningún exemprar. Soio me mandaron seis dos dez que é costume.

No medio de esta infinida pereza que case xa se fai senso de vida, pois nace//  
de un convencemento íntimo e profundo, siguen medrando<sup>50</sup> “Os Eidos” e definíndose cada vez máis. Non sei se o lel-o se nota como foi escrito este libro: eu remato case tódolos poemas de pensamento, hastra axustar a derradeira verba; logo, se me parecen meus, levántome e séntome a escribilos, mellor dito a copialos. Iste é o método que eu teño pra, no que cabe, decil-as cousas como se sinten pois así non se deixa un levar tanto das verbas.

Fai cousa de un mes fun a Lugo, onde conocín o Lois Allué Andrade<sup>51</sup> que me causou moita impresión. Un síntese n-el<sup>52</sup>, que é o máis que un pode decir de alguén.

En canto a vosa estanza no Caurel non é menester que vos diga a boa lembranza que deixastes. Meus pais xa están agardando que veñades outra vez.

Un saúdo cariñoso

Novoneira

---

<sup>50</sup> Ata compoñer *Os eidos 2*, do 1974.

<sup>51</sup> **Xosé Luís Allué Andrade** (Monforte, 1951). Profesor universitario en Madrid e autor de diferentes estudos sobre o ambiente e a terra. En *Cartas a un mozo galego* (Galaxia, 2005), das que Allué é destinatario, hai unha do propio Novoneyra.

<sup>52</sup> Refírese á intimidade emocional.

## 11

Caurel, [Nadal], 1955

Isabel e Ramón amigos.  
Que o neno sexa convosco!  
Novoneira

## 12

[Mecanoscrita]

Caurel. Abril 1956

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Estas cantigas son do libro \*CANCIOEIRIÑO DO CAUREL que pensaba publicar na “E. Monterrei” de Vigo, como ti me habías indicado. Así que se che parece agora o momento avísame que chas mando.

Son 33 cantigas, e leva o cabo, nun aparte, o POEMA A BETANZOS<sup>55</sup> que é unha alta cousa de ledicia, pra algunhos a cousa máis fermosa que escribín. Son unhos 80 versos longos sin rima.

Teño moita prisa (non precisamente de publicar).  
[Engadido a pluma].

Saúdos garimosos a Isabel  
Unha aperta  
Novoneira

(O libro encherá unhas 50 páxinas. Nil vai a cantiga a Don Ramón)

[Liña autógrafa a pluma]

---

<sup>55</sup> Primeira versión: “Mandeo inorde...”, moi expurgada no que sería “O poema dos Canceiros”.

[Mecanoscrita]

Caurel 30 de Maio 1956

A Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Cando recibín o traballo sobre da nosa lírica contemporánea publicado na NOITE estaba rematando de escribir as miñas impresiós sobre do libro de Fole TERRA BRAVA, que na prosa galega soio ten igual nos de Daniel Castelao. Non cho mando por agora pra que llo entregues os da NOITE pra que non vaia pensar a xente que é unha devolución de bombo pola miña parte.

Escribín ista chamada<sup>54</sup> ós galegos respondendo a unha petición túa do Vrao pasado. Ista choiva xunto ó sentimento da Galicia irredimíbel déronme forzas de chorar. Así como cho digo.

Entrégalle isa cantiga á Carlos Maside. Responde a un maravilloso dibuxo en tinta china (orixinal) que me remesou de felicitación polo Nadal pasado; que teño posto nun cuadro e vexo da cama tódolos días.

Meus pais e miña hirmá (sic) xa me andan preguntando se non viredes iste ano polo Vrao. Dinmo con verdadeira cousa. Como iles o desexan i eu o desexo, debeis facer por vir. Quen sabe se prautro ano un estará aquí.

Unha aperta de corazón

Novoneira

---

<sup>54</sup> Poema longo. Temos tres versións, todas do 1956: “Chamamento”, “Chamada ós galegos” e “Nova chamada ós galegos”. A encomenda fíxolla en persoa Ramón Piñeiro, durante a súa estadía no Courel, no verán do 1955.



## 14

Caurel, 24 Sant Yago 1956

A Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Non podo ir ó Sant Yago. Non hai cartos.

Remésoche ise artigo coas miñas impresiós sobre *Terra Brava*. Gostoume tanto que me fixo vencer a miña cousa de non escribir en periódicos nin revistas. *Terra Brava* é verdá i-eso é todo.

Teño gardada desdo//

Setiembre pasado unha botella d-augardente de 5 anos que me regalou o Alcalde de Quiroga da súa colleita pra facerlle dela novamentes don a García-Sabell. Tamén teño feito “os versiños” pra poñerllos nela como ti me dixeches. Haber (sic) se vou Os Caneiros e veño de volta por Compostela pra deixarlla e poder estar con todos vós. Comigo peligra.

Estará ahí Maside pra aquil tempo?

Os meus siguen lembrándose de vós coma o primeiro día i-aínda agardan que veñais. Agardámosvos.

Unha forte aperta

Novoneira

## 15

Caurel 8 de Sep[tiembre] 1956

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Nunca coma de volta de iste viaxe se me fixo sentir o Caurel. Sentir o meu ser infinido infinidamente cinguido pola súa presenza, que me tocaba a un tempo en toda a extensión miña.

Nunca sentira nada así. Era tan seguido e tan fondo!  
Manaba todo de tal xeito drento e fora!

Eu estaba núo no cruce de tódolos escondidos camiños  
que nos levan e íbame por todos iles a un tempo, non sei se  
pra drento ou pra fóra. Non podía pensar.

A luz que me alumaba outras veces, cando teño sentido  
cousas que me fixeron asombrarme do meu cor, non viña  
niste bulto informe no que subían tódalas cousas soterradas  
a pousarse riba de min. Isto facíame moita solpresa, pois algo  
que era moi meu era o sentir, no que cabe, isto i-aquelo por  
separado. O que isto se rompese era o único que enchía ise  
sitio onde nos contamos o que nos está pasando.//

Sentía todo a un tempo sin que por eso, a pesar da grande  
vaguezade, se me escapase a súa complexa variedá, que era  
precisamente o que me atoutelaba, xa que todo quería ocupar  
pra si soio a parte visíbel do meu espírito solto.

Maxínate ti, que che deran volta, e que todo o que tes,  
todo o que ó longo da túa vida se foi pousando correra por  
ti hasta tocarche nise sitio onde máis se sinte, nise intre en  
que tódolos sentimentos son igoales, porque as súas ondas  
tocaron os deslindes do infinito do ser... Así foi.

Isto durou tres ou catro días. Hoxe xa podó pensar  
i-escibirche.

Encanto a miña saúde, xa estou ben desde Chantada, onde  
pasei dous días e cheguei moi malo.

Recibín o exemprar dos Eidos e remeseillo a Díaz Castro.  
Escibireille un distes días, así como tamén a Celso Emilio.

Meus pais, que tamén vos queren, mándanvos saúdos ós  
dous.

Unha forte aperta

Novoneira



Xuntanza na Coruña (1962). Ramón Piñeiro e Novoneyra, terceiro e quinto pola dereita, respectivamente



Caurel 3 Outono 1956

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Estou todo ledo co “Os contemporáneos”<sup>55</sup>. Anque trai moita broza de palabra morta tamén ten moitos quilos de verdadeira poesía. Canto daño lle fixeron á poesía galega Amado Carballo e García Lorca! Os que os siguen, que son moitos, collen o máis malo diles. Así non se pode cantar ningunha terra e menos Galicia. Que metáforas máis facilonas e desvencelladas do cor!

Os libros pra “Colección Rodríguez del Padrón” teñen que reunir 120-128 páxinas. O meu libro de cantigas compretará todomais setenta. Así é que lles propoñerei a nova versión de “Os Eidos”.//

Según a de “Galaxia” é a dos anos 1952-1954. Esta será a 1952-1957. Pois non penso mandarlle o orixinal antes de frebeiro do ano que vén.

Mandeille “Os Eidos” dedicados a Díaz Castro ó outro día de recibilos. Logo il escribume ista carta que che remeso; i-eu contesteille pedíndolle en teu nome o seu libro pra “Galaxia”. Logo terei resposta e xa cha remesarei.

Niste medio tempo fixen outro viaxe á Cruña cunhos primos meus que pasaron por aquí con un coche. E de volta tropecei a Fole en Lugo, que acababa de chegar de Compostela. Viña todo ledo.

Sabes a dirección disa dona inglesa que vai traducir a nosa poesía contemporánea? Preguntou por min en Lugo. Eu soio sei que vive en Vigo.

Unha aperta

Novoneira

Saúdos a Isabel.

<sup>55</sup> É a escolma de Del Riego, xa citada na nota 26.

Meu querido amigo Ramón Piñeiro:

Feliz Nadal i-alegre tempo de Reis!

O *Macías* é unha cousa verdadeiramente fina. Antón Lourenzo<sup>56</sup> revólvese con soltura dentro da difícil complexidade que lle dá a obra. Tanto as cantigas collidas do pobo, como as que supoño aportación de Cabanillas son axeitadas. As do propio Macías, estremecen. I-a que suprema delicadeza chegan ás veces!:

*“Nembraivos de min señora  
por cortesía...”*

Que idade ten Antón Lourenzo?

Antóxaseme un home madurecido prematuramente.  
Déixase ver ademais//  
de unha ampria experiencia sentimental, unha intensa  
preparación e dedicación ó arte iá Terra.

---

<sup>56</sup> **Antonio Lorenzo** (1920-1989). Figura como coadaptador, con Cabanillas, no *Macías o Namorado: Poema escénico en prosa e verso, a xeito de guíeiro musical, sobre unha cantata de Otero Pedrayo*. A música é de I. B. Maiztegui. Para mellor información consúltese a carta número 19, do *Epistolario Cabanillas-Millán*, que está a saír nun Caderno do Centro Ramón Piñeiro, onde se poden ler cousas coma estas: “Si has visto a Ben-Cho-Sei te habrás enterado del lío referente al premio de Buenos Aires, que aún no conozco con detalles: parece que Lorenzo había mandado el libretito de ‘Macías’ a un concurso, –supongo que lo premiado habría sido la música de Maiztegui porque la verdad es que los versos, estilo ‘Parsifal’, el barbero de Cambados– y las mismas acotaciones, eran una desdicha. El caso es que todo se volvió agua de borrajas, de lo que tengo que alegrarme, aunque el premio parece que era de consideración –\$ 5.000– claro está que muy reducido, ya que en justicia tendría que ser repartido con Otero, Lorenzo y Maiztegui principalmente” (Carta do 04-07-54).

Remeseiche o outro día a nova versión<sup>57</sup> da “Chamada ós galegos”. Non é nin con moito o que eu quixera. Tiña que ser aínda unha cousa máis directa. Non foi así porque eu sei que o pobo non ten aínda “a consciencia de Galicia” e non pode esquecer o que sabe. Unha cousa é escribir entre a xeneral indiferencia i-outra escribir como escribía Petöfi<sup>58</sup>. Por eso eu adico, ou mellor dito, dirixo a chamada especialmente ós universitarios galegos, estudantes de Compostela, agora que hai xente na Universidade de Compostela que ten o sentido ia consciencia de Galicia. Galicia ten que nacer tamén na Universidá, e máis hoxe que é o único sitio onde hai unha mínima liberdade de manifestación pública.

Namais. Saúdos a Isabel. Meus pais están todos ledos cas dez “pesetiñas” de lotería. Nunca tanto xogaron<sup>59</sup>.

Unha forte aperta.

Novoneira

---

<sup>57</sup> Reproducimos o poema no Anexo. Nin esta composición nin a dedicada a “os [h]erois da Hungría” aparece en ningún dos poemarios do escritor. Trátase, xa que logo, de poemas inéditos ata hoxe mesmo, aínda que circularan particularmente naqueles anos.

<sup>58</sup> **Sándor Petöfi** (1825-1849). Poeta húngaro, afervorado nacionalista e autor do himno de Hungría. Morto na guerra de liberación do seu país. “Non deixes que morra no leito. Quero morrer amastragado polos xinetes que agallopan cara diante para loitar por ti, Santa Liberdade do Mundo” (a tradución é de Novoneyra). Aquilino Iglesia Alvariño dedicoulle un poema. A composición “Ós [h]erois da Hungría”, que reproducimos no Anexo figura referenciada na carta datada en Lugo (9-VII-1957) que Ramón Piñeiro escribe a Isidoro Millán, reproducida no n.º XIII dos *Cadernos Ramón Piñeiro* publicado polo Centro Ramón Piñeiro en 2009.

<sup>59</sup> As dez pesetiñas de participación na lotería de Nadal que cada ano lles remitía Piñeiro.

Lugo 23-IV-57

D. Ramón Piñeiro

Meu querido amigo: Fai xa unhos días que estou en Lugo.

Aquí conocín un grupo dirixido por unha rapaciña de gran vocación e dinamismo chamada María do Pilar que ten toda a ilusión de facer ba[[l]let galego. É profesora de baile.

Como quer que buscaban unha obra, eu propúxenlles o *Macías*.

Xuntámonos no Círculo das Artes: Pimentel, Cilistro, iles i eu co presidente. Unha pianista interpretou algunhos dos fragmentos do *Macías* e decidíronse por esta obra en vez de por outras que propuña Pimentel.

Entón Cilistro acor-//

dou que se trouguese aquí o Maiztegui, pra que fixese a adaitación e vise as posibilidades dos bailarinos ios cantores. Por eso nos encomendamos a ti, que eres o único que podes pesar pra que veña. Os gastos de desplazamento ia estanza de varios días serán costeados polo Círculo.

A cousa ten interés, pois ademais de botarlle os cimentos a un posíbel ba[[l]let galego valería pra poñer diante os ollos da xente da cidá algo elegante que lle borraría o falso conceuto de ruralismo baixo que ten da nosa cultura. Sería moi útil pra conquista desta ciudá.

Pra darche unha idea de María do Pilar e do seu grupo direiche que conseguiu entusiasmar ó Cilistro coma a un neno. É certo o que ti me decías: é un home de verdá.

Saúdos garimosos pra Isabel.

Unha forte aperta

Novoneira

Escribe axiña  
a Maiztegui<sup>40</sup>,  
pois queren facer eso pro Corpus.

<sup>40</sup> **Isidro B. Maiztegui** (Arxentina, 1905 – 1996). Músico e musicólogo.



O Caurel 20-Sant Yago 1957

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta coa invitación pro Sant Yago. Mais – cuádrame tan lonxe! De haber grandes novas que me alegrasen, iría.

Todo está morto. (Fáloche por Lugo). A xente xa non pode crer en nada. Isto é unha completa podremia da que soio a nosa esperanza pode salvarse con dor.

Pasando outra cousa, gustaríame que viñésedes pasar ó Caurel os primeiros días de Agosto. Polo que arriba che escribo podes ver que necesito que veñas.

Propoño os primeiros días, porque a partir do 15 tiña medio pensado ir ver o mar.

Por se fose: queres enterarte pra logo decirmas das direciós de Isidoro Millán e Blanco Losada<sup>41</sup> en terras de Pontevedra?

Animaivos a vir. Eu xa subín por primeira vez a Rugeira –no ano diste ano– mais inda non fun a Campa da Lucenza. Aquil sitio tan bo, onde o espírito ten o que quer,// e vamos xuntos, outra vez.

Sáudos pra Isabel. Dille que é miña mai quen me fai escribir sin máis demora pra que veñais.

Unha forte aperta

Novoneyra

Escríbime decíndome que día vos vai esperar ó coche de Seoane.

Vale

---

<sup>41</sup> **Ángel Manuel Blanco Losada** (Marín, 1934 – Alexandria, Virxinia, 2007). Estudou a carreira de Medicina na Universidade de Santiago. Posteriormente, especializouse como médico psiquiatra en Estados Unidos e exerceu a profesión en hospitais de Baltimore, Maryland e Washington. Na mocidade, en Santiago de Compostela, cultivou a poesía e gañou o premio das Festas Minervais da Universidade de Santiago en varias ocasións.

Amigo Ramón: Cando recibín a túa carta acababa de ler a nova da morte de MASIDE na “Voz de Galicia”. A emoción que comenzaba a moverse no fondo, robíu supetamente co calor das túas verbas, desfacéndose nunha abundanza insólita de bágoas silenciosas, como nunca me pasou.

Maside con Manoel María e contigo era o amigo que eu máis quería. Maside e ti os que eu máis admiraba xunto con Fole. Os que máis influístedes en min, con Allué.

Pregúntome: non se creará un “Museo Carlos Maside”<sup>42</sup> en Compostela?

Quixera ter unha gran fotografía en color do seu autorretrato e de non ser posíbel en claro escuro.

A Elexía que che mandei onte vai como saíu. Cando acade forma definitiva xa cha remesarei pra xuntar os outros poemas xunto coa “Elexía última”<sup>45</sup> que acabo de escribir.

Agradécín de corazón a nota que me fixo Borobó na “Noite”.//

Tiña proieitado ir este ano a Sant Yago pra falar co el e contigo. Había ano e medio que non vos vía. A el xa non o verei máis. De todos xeitos se amaño os cartos farei por ir igoal.

En Lugo están organizando un homenaxe a Luís Pimentel. Dirixe e leva toda a cousa unha arxentina. A min pedíume que recitase algús dos seus poemas, cousa que eu rechacei, pois

<sup>42</sup> En Compostela non; pero en Sada si, dende o ano 1970, por devoción de Luís Seoane e Díaz Pardo.

<sup>45</sup> Elexía a Maside, versión primitiva. De pronto, Novoneyra, comunícame a Piñeiro que todos os últimos poemas que lle remesara han de chamarse “Elexía a Carlos Maside e outros poemas”, pero non foi así.

sospeito que Celestino ios outros amigos íntimos de Lois non apoian a cousa. Iles queren pra Luís outro tipo de homenaxe no que eu colaborarei: editar os seus libros e fixar os seus poemas máis siñificativos en cinta magnetofónica. Quizaves tamén un recital deles no Salón de Actos do novo Museo Provincial, do que dixo o propio Pimentel que era un sitio ideal pra un recital de minoría, que é o que lle vai a súa obra.

Saúdos dos meus pra Isabel e pra ti. Lembranzas miñas pra García-Sabell e pra Elena.

Unha forte aperta de teu amigo de sempre

NOVONEYRA.

## ❧21❧

Parada 12-VII-58

Amigo Ramón: Recibín a semblanza do teu Don Ramón que é moi semellante a do meu, quero decir, non o meu poema, senón a imaxe que eu teño en min dil. E por eso gustoume.

Remésoche a nova versión da “Cantiga de Loubanza” pra que a mandes a GALAXIA co fin de que sustituya a outra antes de que se publique o homenaxe dos poetas.

Non sei si irei o Sant Iago.

A miña intención é ir pra vernos todos xuntos.

Saúdos dos meus pra Isabel e pra ti.

Unha forte aperta

Novoneyra

Meu querido amigo: Outro vran de soedade vai pasando i-apousando no meu cor.

Franco Grande non pudo vir porque ten que estudar pra Setiembre. Mandoume un poema de amor moi belido e doroso. Algúas das súas verbas nunca as esquecerei e medio que sospeito pra quen foron escritas:

*“Meu gran amor de sempre  
amiga que te fuches sin mais volta  
como se van os mortos.  
.....”*

Iste derradeiro verso ten pra min inda máis siñificacion neste ano da perda de Maside e Pimentel, cando un aínda esta preguntándose: podían iles morrer? ...//

Que tal vai a túa doenza? Eu penso que debiades de vir unhos días ó Caurel. As augas da Rugeira faríanche ben. Ademais, falaríamos. Fai ano e medio que non falo contigo e quixera recobrar o senso da vida.

Lembranzas de meus pais, que non sabedes o que arelan vervos de novo tamén. Miña irmá, meu cuñado, Pepiño están na Cruña.

Unha forte aperta de teu amigo

Novoneyra

Cando saía o Homenaxe dos poetas a Don Ramón gostaríame telo.

## 23

O Caurel: 4-9-58

Meu querido amigo Ramón:

Vexo que inda sigues ca túa doenza. Craro, isas cousas sempre son relativamente longas.

Estiven en Monforte con Don Ramón, que sigue tan rufo e lúcido como sempre. Sentín non ter máis tempo pra falar con il, pra oílo.

Estou desorientado. Temos que falar. Hai xa tanto tempo que non falamos!

Unha forte aperta  
Novoneyra

## 24

O Caurel 5-2-59

Amigo Ramón:

Canto tempo sin escribirche e cantas cousas pasaron en min nise tempo.

Dende o 53-54 non tiven un mar de fondo espritoal semellante. Todo comenzou coa morte<sup>44</sup> de Pimentel e Maside, cobrando forza asoballante niste Inverno.

O valeiro último cobre na súa totalidade o fondo da miña concencia i o drama é porque nin quere ter senso.

Falando de ti, que tal vai a túa saúde? Fuches mellorando? A min estar malo non somente me amola senón que me subleva. É coma//  
se alguén me fixese unha afrenta profunda.

---

<sup>44</sup> Outra vez tense referido Novoneyra á desaparición de Pimentel e Maside, os dous no ano 58, como elemento desencadeante das *Elexías*.

Que tal Galicia? Que me dices dos rapaces da Universidá?  
Lembranzas pra Isabel i unha forte aberta pra ti.

Novoneyra

P. D.: Estou rematando as “Elexías do Caurel” onde vai iste  
meu estado.

Vale

❧ 25 ❧

O Caurel. Abril 1959

Amigo Ramón: Remésoche unhas cantas separatas do  
“Moucho da Alameda” de Lugo, que pubricou “Papeles de  
Son Armadans”<sup>45</sup> no nº de homenaxe a Lorca, pra que lle las  
entregues ós amigos de Compostela.

Perdín a dirección da Unidade Galega de Nueva York  
i-agora pídema unha amiga miña que vai presentarse cun  
libro de poesía. Podes volverma mandar?//

A Compostela non poderei ir hasta maio, pois teño que  
vixilar os traballos da Primavera agora que botei ós caseiros.

Copiei a máquina Os EIDOS según a versión aitual i as  
ELEXÍAS DO CAUREL. Levareichos cando vaia.

Lembranzas pra Isabel.

Unha forte aberta

Novoneyra

---

<sup>45</sup> Revista mensual fundada en 1956 por Camilo José Cela e editada en Palma  
de Mallorca. Rematou a súa xeira en 1979.

## 26

Caurel 15-11-59

Amigo Ramón: Remeseiche o “encargo lírico”<sup>46</sup> que me fixeche e, xunto con el, unhos poemas de María Mariño sacados do libro “Palabra no tempo”, escrito no Caurel.

Que me dices dos rapaces da Universidá? Viñeron novos valores[?]

Recibín *Sombra do aire na herba*. É o libro que cabía esperar. Que belida a “Marcha fúnebre pra Rosalía”!

Lembranzas pros amigos composteláns

Unha forte aperta

Novoneyra

## 27

O Caurel 5-1-60

Amigo Ramón: Xa fago mentes de pasar o 30 cumpleanos en Compostela o día 19. Recibín por medio de Moreno Báez<sup>47</sup> a invitación da Universidá pra participar no Homaxe á memoria de Cabanillas.

Has de avisarlles que ó participarme a fecha definitiva o fagan por vía telegráfica. Aquí tarda o correo.

---

<sup>46</sup> Pode ser aquel poemiña de circunstancia para a comunión da neta de Camilo Agrasar.

<sup>47</sup> **Enrique Moreno Báez** (Sevilla, 1908 – Madrid, 1976). Coñecido catedrático de Língua e Literatura Españolas da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago nos anos da década dos sesenta. Fixo varias edicións de autores clásicos, preparou diversas antoloxías e estudou a literatura medieval e renacentista en España. Dos seus ensaios e estudos citamos *Nosotros y nuestros clásicos* (1961), *Reflexiones sobre el Quijote* (1968) e *Los cimientos de Europa* (1971).

Meus pais danche as gracias pola túa infalible participación  
na Lotería do Nadal.

Unha forte aperta

Novoneyra

Saúdos pra Isabel.

❧28❧

Febreiro 1960

A Ramón Piñeiro pra lembranza do noso  
descobrimiento da Cruña<sup>48</sup>.

Novoneyra//

Despois desto xa digo “da Cruña”.

Pra túa Biblioteca.

Moitas veces penso en Casal<sup>49</sup>.

---

<sup>48</sup> Esta nota vai acompañada dun debuxo da praza das Bárbaras e un comentario, ambos de **Luis Monteagudo García** (A Coruña, 1919). Foi profesor de Prehistoria na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e director dos museos arqueolóxicos de Burgos e A Coruña. Alén dos seus estudos sobre a metalurxia prehistórica en Galicia e o seu interese pola toponimia, publicou dúcias de artigos como “Carta de Coruña romana” (1952), “Provincia de Coruña en Ptolomeo” (1953), “Antropología y etnografía precélticas del N.O. Hispánico” (1955), “Etnología hispánica del Bronce IV” (1953), “Universalismo y Helenismo” (1953?), “Nombres de túmulos y dólmenes en Galicia y Portugal” (1954), “Galicia legendaria y arqueológica: Problemas de las ciudades asolagadas” (1957), “Petroglifo de Lagea das Rodas (Louro, S.W. prov. Coruña)” (1981), etc.

<sup>49</sup> **Xohán Casal** (A Coruña, 1936-1960). Narrador, autor d’*O camiño de abaixo* (1970, segunda edición aumentada 1985).



Amigo Ramón: Despois da Cruña, Lugo e despois O Caurel e longo tempo de neve incomunicado repousando impresiós.

Trouguen gran sabor diste viaxe, tanto de Ourense, onde Tovar<sup>50</sup> me presentou ó gran Risco, que me foi tan simpático e prósimo, coma de Compostela –iste primeiro viaxe a unha Compostela sin Maside!– onde, ademais da xa mítica hospitalidade e gracia, douta e sinxela, dos García-Sabell que fan o cotián sempre novo, impresionáronme os universitarios e universitarias, alineados “do lado da homía” que aquí se chama Galicia.

Logo, na Cruña, Avilés<sup>51</sup> i aqueles dous rapaciños amigos de Casal, nos que vai a tradición cruñesa da nosa concencia. En Lugo, na miña ciudá, onde comencei a dormir normalmente; Cilistro, Fole e tantos tantos amigos de tardes, noites e cafés! Aquí fixen unha copia das Elexías pra Cilistro co fin de que lles poña o prólogo<sup>52</sup> que xa lle pedira fai un ano. Unha vez que o teña feito e, xa co il, reme-// sareillas a García-Sabell, que mas pediu, e pedireille que lle poña un “Brindis” no cabo, como il os sabe pór, pra que cando saian, saian “ben avaladas”, coma “Os Eidos”... Non fales de publicalas cos de “Monterrey”. Haberá tempo.

Dille a Arcadio Casanova que antes de un mes remesareille un exemprar dos Eidos. Quero escribirlle nos craros tódolos poemas novos que compuxen pra el desque se pubricou.

<sup>50</sup> Refírese ao poeta ourensán **Antón Tovar Bobillo**.

<sup>51</sup> **Antón Avilés de Taramancos** (Noia, 1955-1992).

<sup>52</sup> Prólogo que non prosperou, nin o “Brindis” que lle encargou a García-Sabell.

Falei con Mon<sup>55</sup> e Caparrós<sup>54</sup> do asunto da “Voz de Galicia”. Non sei que resultado daría a miña xestión. Sei unha cousa: que o director ademira ó Cores<sup>55</sup>. Caparrós, pola súa parte, definiu diñamente a súa postura respecto da nosa fala, na nova que deu do meu paso pola Cruña. Foi un home, il que non é galego.

Os meus pais e irmaos mándanvos moitas gracias e lembranzas.

Lembranzas miñas pra Isabel e túa sobriña, tan pura de silencio.

Unha aperta de corazón  
Novoneyra


Mándame *Ser e Tempo*. Vólvocho pra Maio.

---

<sup>55</sup> **Fernando Mon Rodríguez** (A Coruña, 1914–2002). Cursou a carreira de Maxisterio e traballou no ámbito da prensa en publicacións como *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *La Estafeta Literaria*, *El País*, *Vida Gallega*, etc. Dos seus libros salientamos *Gente conocida* (1958), prologado por Cunqueiro, *Maside* (1972), *Nove poemas dibuxados* (1978), *Pintura contemporánea en Galicia* (1987), etc.

<sup>54</sup> **Luis Caparrós Muñoz** (Sevilla, 1923 – A Coruña, 1983). Residiu na Coruña dende 1947 e alí desenvolveu un significativo traballo en *La Voz de Galicia* como columnista do xornal. Foi distinguido co Premio Fernández Latorre e fixo popular a sección “Pluma de medianoche”.

<sup>55</sup> **Baldomero Cores Trasmonte** (Cee, 1931). Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago e a de Ciencias Políticas na Central de Madrid. Foi profesor de Políticas na Complutense madrileña e de Socioloxía na de Porto Rico. Desenvolveu unha moi dilatada traxectoria como xornalista nas páxinas de *La Noche*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Pueblo Gallego* e *El Correo Gallego*, entre outros medios de prensa. Fundou e dirixiu a revista *Nemancos*. Como ensaísta estudou salientables figuras do galeguismo como Alfredo Vicenti, Luís Porteiro, Suárez Picallo, etc. Da súa amplísima produción ensaística anotamos *Sociología política de Galicia* (1976), *Los símbolos gallegos* (1986), *Teoría política e comunicación social* (1993) e *Os senadores na Universidade de Santiago* (1998), entre outros moitos títulos.



De camiño polos montes do Courel (1966)



## 30

Caurel Nadal 1960

Amigo Ramón e Isabel: Ani Novo ventureiro!  
Meus pais encárganme de que vos mande a súa lembranza e agradecimento.

Un distes días mandareiche *Ser e Tempo* xunto coa nova versión de “Os Eidos”.

Non sei o tempo que hai que teño esto preparado pra mandarcho, mais ista teimosa inmovilidade...!

Novoneyra

## 31

O Caurel 22-4-1961  
A Ramón e Isabel Piñeiro

Amigo Ramón: Supomos que xa terá sido operada Elisa<sup>56</sup>. Anque confiados, e coa corazonada de que todo saíu ben, estamos impacientes a agardar novas...

Estou lendo LERIA<sup>57</sup>... !

Lin o ORESTES<sup>58</sup> de Arcadio Casanova. Arcadio está predestinado a erguer co tempo o teatro galego. Vexo nel inquedaanza, tempore de ánimo, pureza ética e forza eispresiva. Falla a meu ver maior movemento escénico. Mais iso é cousa de técnica que se consegue.

Xa eu me esperaba que a ti tiña que “chegarche moito” o mensaxe de “Palabra no tempo”<sup>59</sup>. A esencia galega e

<sup>56</sup> Elisa Novo Neira.

<sup>57</sup> *Leria*, de Risco.

<sup>58</sup> Obra dramática, publicada e representada, polo menos en teatro lido, en Santiago.

<sup>59</sup> De María Mariño.

universal, gracia poética, fondura e autenticidade de “Mais Alá da Dor” non se dá moi mesta na nosa poesía de hoxe, que tanto peca de “esteticismo” e moldes alleos. O que importa é o verdadeiro –que pode mostrarse baixo un xeito popular ou non– mais nunca a eleganza de mascarilla –que renega e lle chama “ruralismo” o que é racial e sigue naturalmente a tradición nosa de sempre–. Iste libro é un formidabele alegato en favor da profundidade espritoal do pobo galego, que inda sin elaborada cultura chega de por si ás primeiras e últimas preguntas do pensamento Oucidental. Verás nil a superación do Nihilismo fundada no difícil oír a voz última do lonxe...// “Estampas e saudades” foi escrito no 1969. “Mais Alá da Dor” no 1960. A autora pídeme que che diga que non lle ofrezas por agora o libro a “Salnés”. Teno contigo entrementras non se che pide.

Sigue Don Ramón no Sanatorio? O grande e querido maestro e señor... Déixalle nistes días “Palabra no tempo” i os novos “Eidos” en nome e compañía nosa. Eu pedireille a Primaveira por il, que ben o debe de conocer...

Gran ledicia tiven ca nova de García-Sabell escolleito pra Ginebra<sup>60</sup>! Dálle lembranzas miñas a toda a familia da Rosaleda, de tan bon ser.

Remésoche a primeira tanda de palabras pro Apéndice ó Dicionario de Don Eladio. Son os nomes de paxariños. Pra outra vez irán os de herbas e árbores, pra outra o vocabulario de escarneo e maldecir e así sucesivamente todo o que poda recoller ou mellor dito tragner a mente, xa que somentes encontrei unha palabra que eu non tiña oído: “ponlo”<sup>61</sup>.

---

<sup>60</sup> Para un célebre relatorio sobre medicina psicossomática, da que o doutor compostelán era autoridade mundial.

<sup>61</sup> Habará que entender “ponlo” sen definición, como o masculino de ponla. Non aparece no apéndice do terceiro volume do *Diccionario* de don Eladio.

Algúas palabras, moitas delas quizaves, sei que xa as terás ti recolleitas mais remésocas por si acaso. Pesan tan pouco!

Namais. Lembranzas dos meus. E pra todos vós un saúdo cariñoso

Novoneyra

Os dous perniles que vos mandamos, por Elisa e Juan<sup>62</sup>, da “Casa de Parada” pra García-Sabell e pra vós, deixaios curar hasta o Vrao, que é cando o xamón lembra que o porco fozou a castaña. Antes non.

Vale

## 32

Caurel 26-4-1961

Amigo Ramón: Recibímolos dúas cartas. Por fin saíu ben!

O outro día miña mai encontrou a Pepiño cunha pañoleta de Elisa nas maos, bicabica nela e dicindo:

— “Ai, a pañoleta da mamá...”

Non sei a direición do sanatorio pra escribirlles.

Dálle as nosas palabras e lembranza.

Lembranza i agradecemento dos meus pra vós

Unha forte aperta

Novoneyra

Mándame nunha carta o Catálogo de “Galaxia” que deixei esquecido ehí.

Mándoche os nomes de herbas. Mais eiquí soio as conocemos polo nome que tein eiquí.

Vale

---

<sup>62</sup> Juan Varela, marido de Elisa, pais do pequeno Pepiño.

O Caurel maio 1961

Amigo Ramón: Ehí van os verbos galegos que fun recollendo nesta temporada. Demorei en escribirche pra xuntar unha lista deles o máis completa posibre. Con todo son moitos inda os que sei e non deñei nils; pois están acostumbrados a acudir a mente dun xeito natural e non desvencellados da conversa ou do pensamento.

Proutro día falareiche dos libros que recibín; hoxe chove...

Onte sentía un fluír interior... e coidei que era a “inspiración”. Resultou que fora samente o efecto de moitos cafés de pucheiro.

Elisa xa nos escribiu da Cruña. Sigue moi ben. Foi maravillada de todos vós. Ela non se supuña que inda quedaran mundo adiante xentes así.

Saludos a todos os bos amigos compostelanos.

Unha forte aperta dendes da choiva nas cereixas que rebolegan...

Novoneyra

Caurel Maio 1961

Amigo Ramón: Ehí van as palabras de escarnio<sup>65</sup> e maldecir. Algúas delas bótanse de menos nos nosos narradores, coa esceución de Fole, que é o que máis [as] usa.

---

<sup>65</sup> Sabemos que as hai, soamente algunhas delas foron reproducidas na *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*. Pero os seus legatarios teñen máis, nesa musa rexoubreira, pouco aparente, e máis de maldecir que de escarnio, se algún hai.



Tardo en mandarche o vocabulario porque me gusta contrastar cada palabra con varias personas. E son moitos os que somentes che saben decir, por exemplo:

“Chanfonetín<sup>64</sup> e un tipo coma fulano...” Sigue Lugrís<sup>65</sup> en Galicia? Se a miña voz galega valera pra a BBC... deixaba o Caurel por unhos anos. Ampliaría a miña base cultural. E volvería o Caurel, craro está.//

Lembranzas dos meus pra Isabel e pra ti.

Unha forte aperta co cor da primaveira

Novoneyra

A Elisa, dislle que xa saímos da gripe e que nos mande unha foto convosco.

## 35

Caurel 24-XI-61

Meu querido amigo Ramón: Por fin acabouse a forza do traballo i o ánimo aceuta máis doadamente o escribir cartas.

Ultimamente estiven un día en Lugo. Non estaba o Cilistro e cáseque escrusivamente falei con Fole. Acordamos fundar a colección TESOS CUMES<sup>66</sup> de Poesía Galega, dirixida por ambos. Pensamos pra inaugurala no libro “Palabra no Tempo” de María Mariño. Así que che agradecería me mandases axiña o orixinal, que está no teu poder, pra expurgalo, unirille novos

---

<sup>64</sup> Que tampouco aparece no apéndice.

<sup>65</sup> Ramón Lugrís Pérez (Ferrol, 1932). Estudou Dereito e Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Seguidor de Ramón Piñeiro, colaborou en *La Noche* e foi locutor na BBC de Londres. Residiu moitos anos en Nova York, onde traballou en Nacións Unidas. Como ensaísta anotamos o seu traballo *Vicente Risco na cultura galega* (1965).

<sup>66</sup> Outro proxecto de Novoneyra, neste caso con Fole, que quedou en fume.

poemas e mandalo á censura//  
co fin de que vexa a lus a comenzos de ano.

Recibín *Nimbos*<sup>67</sup> de Díaz Castro. Gostáronme moito unhos doce ou trece poemas, os que verdadeiramente tein a voz de Díaz Castro io estilo de Galicia.

Recibín de América o *Libro do Primeiro Congreso da Emigración Galega* celebrado no 56. Estrañoume que non me houbeses falado dil.

Sigo xuntando palabras pro Apéndice ó “Don Eladio”. Mais inda non sei que saíse o 3º tomo, tralo cual irá o Apéndice según me dixeché.

Saúdos dos meus pra Isabel e pra ti.

Unha forte aperta.

Novoneyra

## 36

Caurel 29 Santos 1961

Amigo Piñeiro: Escribo de prisa. Ehí van tódalas palabras que puden xuntar. Recibín “Palabra no tempo”. Elisa mellora, mais sin acabar de pórse ben. A túa emoción, co “Homenaxe”<sup>68</sup> a Fole, deume pulo e ledicia. Un distes días escribireiche de verdá.

Un abrazo

Novoneyra

---

<sup>67</sup> Para a recepción de *Nimbos* é interesante o *Epistolario lugués* (Cadernos Ramón Piñeiro, XV), coas cartas de Xosé María Díaz Castro a Piñeiro.

<sup>68</sup> Que aparece nas *Elexías*.

[Mecanoscrita]

O Caurel Nadal 1961.

Amigo Piñeiro: Recibín os libros d’Alvariño. NENIAS non me gustou. Está escrito pola voluntá de escribilo. LANZA DE SOLEDÁ encóntroo ben. Inda que á nosa fala como tampouco á castelán non lle vai o soneto. E pra máis cando nos sobran ritmos e ritmos nosos, moitos diles inda inéditos sin necesidá de pedirilles nada emprestado ós italiáns, o pobo románico máis lonxe do noso ser. O soneto derradeiro que precisamente non é soneto é o máis do noso xeito. Con todo pra min iste é o millor libro de Alvariño. Un libro bo sin nada novo. O menos abstruso. Entendo eu por “abstruso” en poesía ise feito en que unha palabra come o brillo (*sic*) da outra i entre todas non perfilan unha voz que nos veña. O que máis me interesa deste libro é isa constante sombra dunha morte que non tardou.

Recibín tamén fai tempo LONXE DE NÓS E DENTRO. Os contos ben planeados. Mais eu coido que Suárez Llanos o que é, é un ensaísta. Narradores na Galicia –desconozo a Neira Vilas i a Blanco Amor– non hai máis que Fole. O mesmo Cunqueiro é un glosador que compón narraciós como compón cantigas. O que nos debía dar era un libro de glosas en galego, con esa súa finura e humor inteleutual.

Copiei o poema “A Ánxel Fole” pra polo ó cabo das “Elexías do Caurel”. E dinme conta ó velo ó seu lado que as elexías deberan escribirse todas nesta maneira. Eu, nelas, quería fuxir da rima por considerar que eiquí// non era algo integral coma nos Eidos. Nas elexías iba un pola ecpresión (*sic*). Nos Eidos víñalle dada. Estaba labrada pola esperencia secular do pobo diant’a terra. I ó través dela

co Alén. A expresión nas elexías era problema. Non quería que a palabra fora máis aló donde eu sabía. E debínlle deixar máis libértá pra irse ó apoxeo de son, como fixen no poema a Fole. Nise apoxeo de son, ven o noso fondo secular. Il é o estilo da Fala. Que ben dixo Massó<sup>69</sup>!:

“Ai palabras quentes  
con voz do Alén!”

Sabes un libro que teño gana de ler? ANTÍFONA DA CANTIGA. Non sei por que se m’antoxa que me vai gustar. Os meus pais danche as gracias pola infalíbele participación de lotería que chega tódolos anos ó Nadal do Caurel. Mándovos unha ollada chea desta coor da serra pro voso Nadal.

Fiz Aninovo.

Un abrazo.

Novoneyra



Madrid: 13-3-62

Meu querido amigo Ramón: Estou en Madrí desde fai un mes; estarei inda por outro.

Quizaves se funde a revista de Poesía Galega “Caurel” que sairá pegada sempre a pubricaciós de gran difusión. O primeiro nº se é que sai, sairá pegado a ÍNDICE, cunha tirada a parte de unhos 1.000 exemplares en bo papel. Os outros números

---

<sup>69</sup> **Enric Massó Bolívar** (Bueu, 1930). Poeta, autor de *Romance ao lobo gris*, *Retrouso a Colón* (1960) e *Auga poza* (arredor de 1961). Novoneyra coñeceuno en Madrid en 1962. Pasaron unha temporada no Courel.

que veñan poden saír en Galicia, en América, Eiquí, ou en Barcelona, en calquer sitio donde a CAUREL se lle dña asilo.

Dilles da miña parte a Bodaño, //

Arcadio e Pérez Fuentes<sup>70</sup> que me manden un ou varios poemas cada un, o máis axiña posíbele a Pez 4 – 1º Madrid – 10.

Moitas gracias pola remesa de libros que me agarda no Caurel. Lereinos aló pra mediada primaveira.

Tanto en Ourense como eiquí hai moito “antigalaxismo”, a inmensa maioría. Hai que estudialo e remedialo a forza de flexibilidade hasta onde sea posíbele, pois vólvese moitas veces antigaleguismo. En parte é remediábele.

Sáudos pra Isabel e pra familia García-Sabell.

Unha aperta do teu amigo de sempre

Novoneyra

## 39

O Caurel 9-9-62

Amigo Ramón Piñeiro

Namais chegar ó Caurel atopeime cos libros que me mandache. No libriño sobre Martín Códax vin por primeira vez a letra en que están as cantigas nos “Cancioeiros”, que me fixo ilusión.

Agardábame tamén no Caurel carta do meu primo José Francisco de Neira Pol que exerce a Medicina Xeneral en Madrid ó mesmo tempo que prepara a especialidá de Odontología. Solo lle falta pra rematar a asignatura de

---

<sup>70</sup> **Xosé Luís Pérez Fuentes.** Estudante coruñés que recibiu algún premio nas Festas Minervais de Compostela en 1961. Debeu ir rematar a carreira (de Dereito) a Madrid. Desapareceu dende entón para a literatura de creación en galego.

ESTOMATOLOGIA MEDICA, da que se examinará o 20 deste. Pídeme que che escriba a ti ou a García-Sabell, pra que fagais con Rof Carballo que o recomen-// de a Sáenz de la Calzada, catedrático desa materia na Facultá de Medicina na Universidad Central.

José de Neira é do Pazo de Pacios, onde veo miña mai e polo tanto da miña familia máis querida.

Cando che escriba Rof comunicásmo.

Marcharei pra Madrid, a comenzos do Outono, antes probablemente do San Froilán. Agardo, a finais diste, o mesmo día 26, se é que se vos acai a visita de García-Sabell, Sixto, Fernández Albor e mais ti cas vosas donas ó Caurel. Escíbeme pra baixar agardarvos.

Muitas lembranzas de meus pais e miña irmá pra vol'os dous

Abrazos.

Novoneyra

## 40

Caurel 25-9-62

Meu querido amigo Ramón: Recibín as túas dúas cartas. Xa lle comuniquéi ó meu primo que fora recomendado. O día 30 é un bo día. Vide os que podais. Se vos cuadra, podeis recoller a Fole e traguelo convosco. Eso digo, se vos cuadra a xeito. Agárdovos en Seoane do Caurel de 12 a 12 ½. Ailí acaba a carretera do Caurel

Sáúdos a todos

Un forte abrazo

Eugenio (*sic*)

Trai unhos cigarros pro café. Eiquí non se venden habanos.

## 41

Caurel 28-9-62

Amigo Ramón: O día 30 é conveniente, por si chove, que deixeis os turismos en Folgoso de Caurel e collais un “Land Rover” de un tal Eloy que ten 10 plazas e pode traguervos hasta 400 metros da casa, mentras que un turismo déixavos a 4 kilómetros. Folgoso e a primeira igrexa que encontras na carretera, unha vez no Caurel.//

Espérovos de todos xeitos, chova non chova.

En caso de non podereis vir ponme un telegrama antes das 12 do sábado, urxente, por se o tempo se puxese mui mal.

Abrazos.

Eugenio (*sic*)

## 42

Madri 26-12-1962

Meu querido amigo Ramón: Mándoche iste nº de “Poesía Española” con poemas de María Mariño e meus.

Meu primo José Neira, pídeme que che dé as gracias. Dice que indudablemente aprobou gracias á túa recomendación.

Falei con Paulino Posada, principal redactor da revista ÍNDICE, sobre a posibilidade de sacar unha páxina sobre Galicia en cada nº. Díxome que sería cousa que Figueroa<sup>71</sup>, o director, vería con bos ollos, e que como as colaboracións foran de calidá non había problema. Podías facer un traballo

---

<sup>71</sup> **Juan Fernández Figueroa** (Cáceres, 1919 – Madrid, 1996), que pasaba como director de *Índice*, foi un falanxista con maior ou menor militancia, segundo os casos. Formado na Escola Oficial de Periodismo, foi redactor de *El Español* e *La Estafeta Literaria*, dirixiu o xornal *Pueblo* e, en 1951, pasou a dirixir a referida revista *Índice*, cargo que desempeñou ata 1976. Tempo despois fundaría *Nuevo Índice*.

de unhos dous folios a doble espacio, sobre o renacer actual da cultura galega i a súa variedade e puxanza. Publicaríase nunha páxina, xunto co meu poema a Ánxel Fole e unha foto dun cuadro dun pintor novo. É cousa que debemos intentar, pois ti non iñoras o prestixo que hoxe ten ÍNDICE nos medios intelectuales. (Pódese firmar co nome ou con seudónimo). Conocín a Paulino Posada<sup>72</sup> a través de González Prieto e pareceume home serio que//  
cumplirá co proposto.

Mándame, tamén si podes, unha relación das revistas de poesía galega e castelán que xurdiron en Galicia despois da Guerra Civil; as que inda viven, cando morreron as que morreron e cantos números tirou cada unha. Pódésle axuntar tamén unha relación das coleucióis de Poesía. Encárgoche esto porque coido que os datos que eu pododo facilitarlle a “Poesía Española” –que é quen m’o pide– son mui incompretos.

Fálase da posibilidade de facer unha ou dúas emisióis en gallego e catalán, á semana, en Radio Nacional e T. V. E. Serei do equipo da emisión gallega, en caso de que a cousa vaia adiante. Saberase na primeira quincena de Xaneiro.

Vou muito polo estudio de Raimundo Patiño<sup>73</sup>, o máis fabuloso rapaz e artista da nova xeneración, que o outro día ó marcharse a pasalo Nadal á Cruña, berraba rabiosamente con bágoas nos ollos: “Que lle levo eu a Galicia?”. Queixábase con esto do abandono do grupo universitario do que il se sentía responsable.

Feliz Nadal pra todos vós.  
Unha forte aperta de  
Novoneyra

---

<sup>72</sup> Redactor habitual da revista antecitada, na que en ocasións exerceu de redactor xefe ou vicedirector.

<sup>73</sup> **Reimundo Patiño** (Coruña, 1936 – 1985). Poeta e pintor vangardista que Novoneyra coñece en Madrid en 1962.



## 43

Caurel, 13-3-63

Querido Ramón:

Remésoche esa selección do meu derradeiro libro *ELEXÍAS DO CAUREL*<sup>74</sup>, *ELEXÍAS DE MADRID* por si vos interesan pra publicar en *GRIAL*, a fin de que cheguen a unha gran cantidá de leutores galegos ós que seguramente non chegará a “Colección ADONAIIS”.

Estou pasando unha temporada no//

Caurel. Ó volver pra Madrid irei de paso por Compostela, donde queren que dea un recital na Universidá. Será nos días seguintes da Pascoa.

Muitos saludos a familia García-Sabell e unha aperta pra vós.

Novoneyra

## 44

Caurel, maio 70<sup>75</sup>

Querido amigo: Recibín unha invitación de O GALO<sup>76</sup> pra que dese un recital o “Día das Letras Galegas” no Círculo de Artesanos de Compostela. Perdín o sobre da carta que me mandaron e non sei xustamente a dirección. Mandeilles esa tarxeta comunicándolles que non podía acudir –dado que sigo preso pola enfermédá da miña mai– e devolvéronma

---

<sup>74</sup> Tal escolma non apareceu en *Grial*.

<sup>75</sup> Tendo en conta a data da carta anterior sorprende o baleiro de correspondencia de máis de sete anos.

<sup>76</sup> Asociación cultural galeguista que nace en Compostela en 1961. A súa primeira directiva está presidida, en 1963, por Xosé María Castroviejo Bolívar.

de Correos. Así que si fais o favor ponte en contauto coiles// pra que busquen outro conferenciante que me substitua. Eu respondinlles con tempo, mais a tarxeta de volta tardou sete días en ir e volver i agora faráselles tarde.

Xa sei que fuches saíndo da gripe porque ó pouco tempo da túa tarxeta de Nadal soupen pola prensa que estuveche en Lisboa.

Eiquí amais da miña mai que sigue muy mal como podes soporte, tamén o meu pai está cáseque sempre na cama. Son xa 80 anos.

Teño muitas ganas de vervos, pro cando a miña irmá ven a substituírme, nunhos días no vrao, vós sempre estades nos EE UU.

Un abrazo mui forte pra ambos  
Novoneyra

Mándame as señas do “Galo” pra disculparme coiles.

## 45

O Caurel 30/XII/72

Queridos Piñeiro e Isabel:

O próisimo día 5 de xaneiro, ás 5 da tarde, será a miña boda na CAPILLA DO CARMEN en Lugo-ciudad.

Pásalles estas copias da LETANÍA DE GALICIA a GARCÍA-SABELL, SIXTO e LÓPEZ-NOGUEIRA<sup>77</sup> pra que lles valian de invitación.//

---

<sup>77</sup> José Manuel López Nogueira (Ferrol, 1932 – Santiago, 1985). Cursou a carreira de Medicina na Universidade de Santiago. Psiquiatra e neurólogo, traballou no Complexo Sanitario La Rosaleda daquela cidade. Galeguista de convicción, estivo moi relacionado con Ramón Piñeiro e publicou traballos de Filosofía, Arte e Psiquiatría en *Grial*, aínda que colaborou

A dirección de F. ALBOR (Gerardo) téñoa eu.

A ver si vindes todos xuntos coas vosas donas como d'aquela vez que viñéstedes ó Caurel, pero vós os dous, ti e Isabel, que sodes dos maiores amigos non me gustaría que falleis.

Un abrazo

Novoneyra

---

tamén en publicacións como *Aturuxo*, *Encrucillada*, *Vieiros* (de México) ou *La Noche*. Obras da súa autoría son *Dialéctica existencial e psicoanálisis* (1977), *Sobre la juventud actual* (1980) ou “Sentimento e existencia”, que non chegou a rematar.





Traballando, na casa de Olga Patiño (Betanzos, 1977)



## ANEXO

“NOVA CHAMADA ÓS GALEGOS”  
“ÓS [H]EROIS DA HUNGRÍA”







## “Nova Chamada ós galegos”

MEUS irmaos galegos  
que ás veces tamén tedes o corazón dos días de choiva com-  
este,  
ben sabe Deus que hoxe eu non vos falo por acadar sona  
senón pra chamarvos, coma quen pide pan,  
que fagais de volver á loita sagra  
pola nosa patria homilde, onde sentimos que todo nos conocea.

Loitar por ela  
é como soste que é limpa a iauga das fontañas das penas,  
no outo Vrao.

Irmaos,  
temos que ganar a Nosa Galicia  
se hemos de merecer o nome que levamos.

É menester ganala:  
pra salvarnos nos ios nosos pais,  
pra salvar ós que sofriron e morreron por ela,  
pra salvar ós nosos avós ios pais dos pais dos nosos avós  
(que xa non poden ver chover niste soute  
que eu ollo agora pola fiestra empañada de pingoadas  
que medran, xúntanse e baixan, esvarando unha noutra,  
facendo arboriños e regueiras brillantes...)  
e pra salvar tódalas cousas que iles quixeron e que nós  
queremos.

Chove longo; i eu non vos chamo en alto, como antes se facía,  
máis ben llanamente  
como falamos entre nós tódolos días que perdemos,  
esquecendo que a todos intres unha causa xusta nos agarda,

acenándonos sempre desde todo,  
alumándonos naquelo que inda non perdemos,  
porque é cousa que non se pode perder  
nin podían quitarnos os que teñen a fala ia mao dura.

Chámanos este día que chove...  
Chámanos cada palabra galega dita por nós,  
cada xeito, cada ollada nosa,  
cada tesó e cada val,  
desdónde se ollan lonxanías que tamén son nosas  
e que din tod-o grande da nosa perda.

O gran vacío que ela nos deixou  
houbo alguén pra crer que podía enchelo con bágoas  
que saían de dentro e que tamén nos chaman.

Chove no día longo sin mañá nin tarde;  
e seica tamén eu sinto forzas de chorar  
–unha mao lene que me nubra i acaricia  
coma cando alguén nos fai un mal que non lle merecemos  
sin que eso endureza a un–.

Non vaiais crer, porque eu sinta forzas de chorar,  
que non sería, siascaso, bon loitador,  
en chegado a hora.

Caurel do Tesos Cumes, outo Maio do 1956.

[“Escribín ista chamada ós galegos respondendo a unha petición túa do Vrao pasado. Ista choiva xunto ó sentimento da Galicia irredimibel déronme forzas de chorar. Así como cho digo”. (Carta do 30 de maio, 1956; de Novoneyra a Piñeiro).].

## “Ós [h]erois da Hungría”

### I

SOBRIMES peitos da Libertá!  
Nosos [h]erois da Hungría!  
Irmaos na dor da Patria!

### II

Os tanques son de ferro e non se mancan.

Ouh, canto fixo o home pra poder  
co que nada debera poder!

Se os tanques poden con vós  
estamos perdidos  
porque o home xa non é nada.

### III

Inda onte  
–ouh ledicia do trunfo do que un quere!–  
eu medraba riba do pasmo da vosa valentía  
nos Chaos de Europa!

Pensando en vós  
esquecía os souts dourados do Outono;  
i os pés que vos pisaban  
esmagaban o meu corazón esperto.

## IV

Escoitade,  
fillos do Gran País do Leste!

A chama inmortal de Petöfi  
non soio ha de chamoscar os vosos tanques.

Luxa vai a frol do voso trunfo  
ia pranta que a deu anoxada pra sempre;  
mentras que da árbore eterna que vós chapodastes  
puxarán novas guías.

O Caurel. San Martiño 1956.

[“Sinto non ter eiquí pra cho incluír tamén o poema que adicou [Novoneyra] “Ós héroes da Hungría”, escrito nos mesmos días da estremecente loita dos húngaros contra os rusos no outono pasado”. (Carta desde Lugo a Pontevedra, de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán, 9-VII-57).].

## SUMARIO

5

LIMIAR

POR HENRIQUE MONTEAGUDO

17

NOTA DE EDICIÓN

25

TRANSCRICIÓN DAS CARTAS DE UXÍO NOVONEYRA A RAMÓN PIÑEIRO

79

ANEXO

81

“NOVA CHAMADA ÓS GALEGOS”

83

“ÓS [H]EROIS DA HUNGRÍA”



ESTE LIBRO ACABOUSE DE IMPRIMIR  
EN OUTUBRO DE 2010,  
ANO DE UXÍO NOVONEYRA













CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA